

Revisións periódicas das Instalacións Petrolíferas soterradas segundo a ITC MI IP-04

A revisión comprende:

O correcto estado das paredes dos cubetos, cimentacións dos tanques, valado, cerramento, drenaxes, bombas, equipos, instalacións auxiliares, etc.

No caso de existir posta a terra, comprobarase a continuidade eléctrica das tubarías ou do resto de elementos metálicos da instalación no caso de non existir documento xustificativo de ter feitas as revisións periódicas polo servizo de mantemento da pranta.

Nos tanques e tubarías comprobarase o estado das paredes e mediranse os espesores se observase algún deterioro no intre da revisión.

Comprobación do correcto estado das bombas, surtidores, manguerías e boqueres.

Protección activa.

Cando a protección catódica sexa mediante corrente impresa, comprobarase o funcionamento dos aparatos cada tres meses.

Certificarase o correcto funcionamento da protección activa coa periodicidade seguinte:

Tanques de capacidade non superior a 10 m³ **cada 5 anos**, coincidindo coa proba periódica.

Tanques e grupos de tanques con capacidade global hasta 60 m³ **cada 2 anos**.

Tanques e grupos de tanques con capacidade global de máis de 60 m³ **cada ano**.

Aos tanques de dobre parede con detección automática de fugas, non será precisa a realización das probas periódicas de estanquidade. Cando se detecte unha fuga procederase á reparación ou substitución do tanque.

Aos tanques soterrados en cubeto estanco con tubo buzo, non será necesaria a realización das probas periódicas de estanquidade. O persoal da instalación comprobará ao menos semanalmente a ausencia de produto no tubo buzo. Cando se detecte unha fuga procederase á reparación ou substitución do tanque.

Aos tanques que non se encontren nas dúas situacións anteriores se lles realizará unha proba de estanquidade, segundo as seguintes opcións:

Anualmente unha proba de estanquidade, podéndose realizar con produto no tanque e a instalación en funcionamento.

Cada 5 anos unha proba de estanquidade, co tanque bacío, limpo e desgasificado, tras exame visual da superficie interior e medición de espesores.

As tubarías deberanse someter **cada 5 anos** a unha proba de estanquidade.

A primeira proba de estanquidade realizarase **aos 10 anos** da súa instalación ou reparación.

Estas probas certificaranse por un Organismo de Control Autorizado neste campo.